INFORME DA FEGAMP AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA

O Equipo Técnico estatutario da FEGAMP, en base á facultade atribuída polo artigo 9 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, emite o seu parecer en relación co anteproxecto de Lei reseñado remitido pola vicesecretaría xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar de acordo cos seguintes antecedentes e consideracións

ANTECEDENTES LEGAIS

I.1.- O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.9 atribúelle á Comunidade Autónoma, dentro do seu ámbito territorial, competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral, portos de refuxio e portos deportivos; e no seu artigo 28.2, o desenvolvemento e execución da lexislación estatal en materia de portos pesqueiros.

I.2.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local (LRSAL), no artigo 25.2, apartado a), salienta entre as competencias municipais a ordenación e xestión urbanística.

Pola súa banda o artigo 80.2, letra d), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, dispón que o municipio exercerá en todo caso competencias (nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma) en materia de ordenación e xestión urbanística.

II.1.- Así mesmo a Lei 7/1985 no seu artigo 2.1, garante o dereito das Entidades locais a intervir nos asuntos que afecten aos seus intereses e competencias. Aludindo no seu artigo 57 a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e a Administración das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común.

Neste mesmo senso o artigo 5.2 da Lei 5/1997 dispón que as Entidades Locais, nas súas relacións entre si e coas outras administracións públicas, rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto aos respectivos ámbitos de competencias.

II.2.- A Carta Europea da Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988, sinala no seu artigo 4.6 que as Entidades Locais deben ser consultadas, na medida do posible, ao seu debido tempo e de forma apropiada ó longo dos procesos de planificación e de decisión para todas as cuestión que lles afecten directamente.

III.- O anteproxecto consta dunha exposición de motivos, 145 artigos distribuídos en seis títulos (cos seus correspondentes capítulos), oito disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, catro disposicións finais e unha derrogatoria.

ANÁLISE DO TEXTO

1º.- A exposición de motivos (parágrafo terceiro do apartado II) alude ás fachadas marítimas dos portos que lindan cos termos municipais e cos pobos e vilas situados ao seu carón.

2º.- No artigo 3, apartado 2, sinálase que son portos e instalacións marítimas de titularidade da C.A de Galicia as que figuran no Anexo I da presente Lei. (Anexo que non se adxunta ao texto remitido).

3º.- Conforme dispón o artigo 29.2 os plans directores de infraestruturas dos portos terán a consideración urbanística de plans de incidencia supra municipal.

4º.- O seu artigo 34.1 indica que os plans xerais de ordenación municipal e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario. E o seu apartado 3 sinala que toda a superficie da zona portuaria terá carácter de solo urbano consolidado.

5º.- O artigo 35.2 en canto aos plans especiais de ordenación dos portos dispón que antes da formulación dos mesmos deberán encontrarse delimitadas as zonas de servizo mediante a aprobación da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios.

No apartado 4 outórgase ao Consello da Xunta a facultade de emitir informe dirimente no suposto que o informe de Portos ao plan parcial sexa desfavorable.

6º.- No artigo 36.1 sinálase que os instrumentos de planificación portuaria prevalecerán e serán vinculantes, en determinados aspectos, sobre a ordenación urbanística.

teléfono +34 981 555 999
fax +34 981 565 203
e-mail correo@fegamp.org
web www.fegamp.org
Rua Varsovia 4E 6º Área Central
15703 Santiago de Compostela

No apartado 2 disponse que a aprobación dos plans directores de infraestruturas e da delimitación de espazos e usos portuarios, implicará, se é o caso, a revisión ou modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

O apartado 3 sinala que a revisión dos instrumentos de ordenación urbanística deberá efectuarse polos concellos na primeira modificación dos mesmos que fagan, e en todo caso, no prazo máximo dun ano dende a aprobación dos instrumentos de planificación portuaria.

O apartado 4 alude aos concellos sen planeamento urbanístico, que deberán incluír as determinacións dos instrumentos de planificación portuaria no seu futuro planeamento urbanístico.

Os apartados 5 e 6 sinalan que a aprobación ou modificación dos instrumentos de planificación urbanística deben ser informados pola consellería competente en materia portuaria cando incidan sobre os portos e as súas instalacións. Sinalando así mesmo o procedemento a seguir.

E finalmente no apartado 7 alúdese ao informe da consellería competente en materia de portos -previo a aprobación definitiva do instrumento urbanístico- en relación a diversas determinacións (dominio público, explotación e usos).

7º.- No artigo 37.1, disponse que as obras e instalacións no dominio público portuario deben adaptarse ao plan especial, debendo someterse ao informe da Administración urbanística competente.

Conforme ao apartado 2 as obras que a Lei declare de interese xeral portuario (da Administración ou particulares autorizados) non estarán sometidas a control previo municipal.

8º.- No artigo 40.1 sinálase que as obras en edificios ou zonas colindantes coa zona de servizo dos portos e instalacións marítimas necesitan previo informe de Portos. E conforme ao apartado 3 os terreos colindantes con esas zona deben contar con accesos alleos, agás causa xustificada (a valorar por Portos).

9º.-No artigos 48.4 e 49.1 dispónse que Portos solicitará informes sobre as materias da súa competencia aos concellos en relación coa aprobación ou modificación substancial do documento de Delimitación dos Espazos e dos usos portuarios.

10ª.- O artigo 52.2 excepciona do réxime de prohibicións na zona de dominio público portuario, por razóns de interese xeral, as instalacións hoteleiras.

11ª.- O artigo 63.5 alude ás concesións que sexan soporte de actividades comerciais, industriais e de servizos. E por outra banda, en relacións ás concesións, o artigo 67.3 dispón que simultaneamente ao trámite de información pública se solicitarán informes ás Administracións públicas competentes, e en particular aos concellos.

12ª.- O artigo 121 alude ao réxime xeral do exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario, sexan ou non de carácter portuario.

13ª.- A Disposición transitoria cuarta recolle, en tanto non se proceda a aprobación dos plans especiais de ordenación portuaria, varias normas urbanísticas de aplicación directa.

Partindo da análise do texto remitido dende a óptica dos intereses e competencias locais formúlanse as seguintes

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- Con carácter xeral convén sinalar o carácter transversal das actuacións en materia portuaria, e a necesidade que a administración local teña unha participación activa no desenvolvemento xeral das mesmas.

Os concellos teñen recoñecida importantes competencias en canto a ordenación territorial e urbanística (clasificación do solo, control dos seus usos, outorgamento de autorizacións) no seu termo municipal, competencias que deben ser tidas en conta polas normas sectoriais (autonómicas ou estatais), e entre elas as normas que regulen as actividades portuarias, xa que os portos, sexan os que sexan, necesariamente forman (ou pasan a formar) parte dalgún termo municipal, non son res nullius alleos os mesmos.

Segunda.- En liñas xerais o anteproxecto recolle a obriga de que as actividades a desenvolver no ámbito portuario contén coas preceptivas autorizacións das entidades locais, agás nos seus artigos 63.5 e 121.1, aos que debería engadirse dita obriga.

teléfono +34 981 555 999
fax +34 981 565 203
e-mail correo@fegamp.org
web www.fegamp.org
Rúa Varsovia 4C 6º (Área Central)
15707 Santiago de Compostela

Terceira.- En canto as competencias das Entidades locais en relación cos instrumentos de ordenación urbanística, en especial en canto aos plans especiais de ordenación dos portos, as previsións do anteproxecto deben atemperarse as normas recollidas na lexislación sectorial correspondente, en especial na Lei 9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as propias competencias da Comunidade Autónoma na materia.

O mesmo cabe sinalar en canto ás normas urbanísticas de aplicación directa que recolle a Disposición transitoria cuarta, e tamén en relación cos títulos habilitantes municipais necesarios para levar adiante as obras nos espazos portuarios.

Cuarta.- Indicar que a imposición da obriga recollida no artigo 36.3 debería prever a colaboración técnico-económica da Comunidade Autónoma para lévala adiante. Ademais o prazo temporal fixado pode resultar cativo en atención ás posibles circunstancias concorrentes, tendo en conta a diversa tipoloxía dos concellos afectados.

Quinta.- Sinalar, por outra banda, que o carácter prevalente do informe vinculante da Xunta, a que alude o artigo 35.4, podería vulnerar a autonomía local, constitucionalmente recoñecida. (Sentenza do Tribunal Constitucional nº 110/1998).

Autonomía que tamén resultará limitada de excluír de forma indiscriminada da necesidade de licenza municipal todas las obras vinculadas os usos portuarios, en especial en relación cos usos comerciais por particulares. Tamén as

teléfono +34 981 555 999
fax +34 981 565 283
correo@fegamp.org
www.fegamp.org
Rúa Varsovia 4C 6º (Área Central)
15260 Santiago de Compostela

instalacións hoteleiras que recolle o artigo 52.2 deberían contar cos correspondentes licenzas municipais.

Sinalar finalmente a necesidade de ter en conta as situacións preexistentes en relación coas previsións recollidas no artigo 40.3

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2014

fegamp
FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Secretaría Xeral

José Manuel Chapela Seijo

Director Xeral

teléfono +34 981 555 999
fax +34 981 565 705
e-mail correo@fegamp.org
web www.fegamp.org
Rúa Vardoira 4C 6º (Área Central)
15707 Santiago de Compostela